



Teaching Guide				
Identifying Data				2020/21
Subject (*)	Fine Motor Games	Code	652G01030	
Study programme	Grao en Educación Infantil			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Optional	4.5
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Hybrid			
Prerequisites				
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinador	Varela Garrote, Lara	E-mail	lara.varela@udc.es	
Lecturers	Varela Garrote, Lara	E-mail	lara.varela@udc.es	
Web				
General description	<p>Dentro do perfil formativo do Grado en Educación Infantil contéplase esta asignatura (Xogos Motores) que completa a formación do futuro docente cara a un traballo no ámbito do xogo que permita dar resposta ás demandas sociais existentes.</p> <p>Consideramos esta materia de gran interese dentro da formación do futuro Graduado en Educación Infantil xa que a achega principal da mesma permitiralle descubrir por unha banda que o xogo é un contido con grandes potencialidades didácticas e por outro supón un medio didáctico de gran relevancia na súa formación, que lle permitirá empregalo no seu desenvolvemento profesional.</p> <p>Os coñecementos aportados por Xogos Motores pretenden estudar, explorar, descubrir e vivenciar todas aquelas manifestacións lúdicas dentro dunha formulación global, para dotar ao futuro Grado en Educación Infantil non só de vivencias senón tamén de estratexias e formas de ensinar teórico-prácticas.</p> <p>Xogos Motores atópase dentro do plan de estudos de Grado en Educación Infantil no grupo de materias optativas, cunha duración de 4,5 créditos. A descrición do seu contido, reflectido no Plan de Estudos, indica os seguintes descritores: marco conceptual do xogo motor; teorías e clasificacións dos xogos motores; o xogo e a súa evolución na etapa infantil; o xogo como recurso didáctico; deseño e desenvolvemento de actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos; os recursos para o xogo: materiais e espazos; educación rítmica a través dos xogos con cancións; propostas prácticas para a educación a través do xogo.</p>			
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Modifications to the contents</li> <li>2. Methodologies <ul style="list-style-type: none"> <li>*Teaching methodologies that are maintained</li> <li>*Teaching methodologies that are modified</li> </ul> </li> <li>3. Mechanisms for personalized attention to students</li> <li>4. Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> <li>*Evaluation observations:</li> </ul> </li> <li>5. Modifications to the bibliography or webgraphy</li> </ol>			



Code	Study programme competences / results
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.
A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
A21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
A33	Coñecer os fundamentos científicos, matemáticos e tecnolóxicos do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
A53	Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
A55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
A56	Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.
A60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A62	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade de adaptación a situacións novidasas.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B23	Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Learning outcomes



Learning outcomes	Study programme competences / results		
	A	B	C
Situar o papel do xogo motor, a súa importancia e repercusións no contexto da Educación Infantil.	A1 A4 A5 A6 A53	B3 B6 B17	
Saber empregar o xogo como medio e como contido de ensino - aprendizaxe en si mesmo.	A5 A21 A53 A55 A62	B2	C1
Experimentar intervencións prácticas a través do xogo motor analizándoas criticamente.	A54 A55 A56 A62	B3 B15	
Valorar criticamente a presenza do xogo no ámbito da Educación Infantil.	A45 A53	B3	
Capacidade para realizar unha análise estrutural e funcional crítico no deseño e realización do xogo motor infantil.	A53 A62	B3 B10	
Capacidade para ofrecer ao alumnado de Educación Infantil recursos lúdico-motores diversos para un adecuado desenvolvemento da motricidade infantil.	A33 A54 A56 A62	B2	C7
Ser capaz de analizar o xogo da infancia e obter información de utilidade para futuras intervencións didácticas.	A23 A60	B1 B3 B8	C6
Capacidade para deseñar, xustificar, aplicar e avaliar propostas de intervención para traballar a través do xogo motor na Educación Infantil.	A29 A54 A55 A56 A62	B4 B5 B6 B11 B12 B18 B23 B25	C1 C3 C8

Contents	
Topic	Sub-topic
BLOQUE 1: FUNDAMENTOS TEÓRICOS DO XOGO	Este bloque está formado por temas que abordan a parte teórica da materia.
Tema 1. Marco conceptual do xogo motor.	- Concepto e características do xogo.
Tema 2. Fundamentos teóricos do xogo.	- Diversos enfoques que xustifican a presenza do xogo na infancia.
Tema 3. O xogo na Educación Infantil e a evolución das súas formas.	- A evolución do xogo na etapa infantil e a súa relación coa motricidade.
Tema 4. O xogo motor no currículo da Educación Infantil.	- Análise do xogo no currículo de Educación Infantil. - O emprego do xogo para o desenvolvemento motor en idade infantil.



Tema 5. O xogo motor e a súa didáctica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Didáctica e metodoloxía do xogo.</li> <li>- Organización de espazos lúdicos.</li> <li>- Xogo e programación.</li> </ul>
BLOQUE 2: PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS A través DO XOGO	<p>Neste bloque abordaranse as diferentes temáticas a través de dúas formas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- por medio de sesións teórico-prácticas dirixidas pola docente;</li> <li>- por medio de prácticas dirixidas polo alumnado aos seus compañeiros e compañeiras e observadas pola docente.</li> </ul>
Tema 6. Propostas prácticas de intervención a través do xogo motor.	<p>Abordaranse diversas propostas de carácter práctico tanto en entornos ao aire libre como en espazos grandes de interior. Sirvan de exemplo o emprego de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xogos para o desenvolvemento da creatividade.</li> <li>- Xogos para o desenvolvemento das habilidades motrices básicas.</li> <li>- Propostas lúdicas para o traballo sensorial.</li> <li>- Xogos para o desenvolvemento das capacidades perceptivo-motrices.</li> <li>- Xogos motrices a través do conto, a danza e as cancións.</li> <li>- Xogos motrices e emprego de recursos didácticos e materiais alternativos.</li> <li>- Instalacións de xogo.</li> <li>- Xogos de representación e expresión, entre outras propostas.</li> </ul>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	B1 B10 C7	1	1	2
Collaborative learning	A1 A4 A5 A53 A54 A55 A56 A60 B1 B2 B3 B5 B6 B12 B15 B17 C1	3	7.5	10.5
Guest lecture / keynote speech	A1 A4 A53 A54 B3 B8 B15 C7	7	7	14
Simulation	A1 A6 A29 A53 A54 A55 A56 A60 A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B15 B17 C1	2	4	6
Supervised projects	A1 A4 A5 A21 A23 A29 A33 A45 A53 A55 A56 A60 A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B11 B12 B15 B18 B23 B25 C1 C3 C6 C7 C8	3	19.5	22.5
Short answer questions	A1 A5 A21 A23 A53 A55 A56 A62 B1 B4 C3 C7	2	20	22
Field trip	A1 A5 A6 A21 A23 A29 B1 B3 B5 B10 C7	3	4.5	7.5



Oral presentation	A6 A21 A29 A33 A55 A56 A60 A62 B1 B3 B5 B10 B12 B17 C1 C3	1	1	2
Physical exercise	A1 A4 A54 A55 A56 B1 B3 B4 B5 B12	10	15	25
Personalized attention		1	0	1

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Ao comezar o curso lévanse a cabo actividades iniciais tanto na teoría coma na práctica para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado para o logro dos obxectivos a alcanzar. Así poderemos coñecer información de interese (punto de partida) para articular mellor a docencia e optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
Collaborative learning	Levaranse a cabo diversos traballos guiados polo docente no aula e tamén a través da Plataforma Virtual. Estes traballos organizaranse en pequenos grupos que traballarán conjuntamente na resolución de problemas concretos.
Guest lecture / keynote speech	Algunhos temas correspondentes ao bloque 1 da asignatura serán expostos na aula a través de diferentes medios: explicación oral, apoio con presentacións informáticas, visualización de materiais didácticos en soporte dixital, debates, discusións dirixidas, etc.
Simulation	Consiste na representación a través de contos motores e actividades de expresión dramática de situacións procedentes da realidade. O alumnado poñerase baixo condicións hipotéticas a partir dun tema ou situación problema elixido por eles de antemán, ante a cal ponse a proba a súa expresión corporal, capacidade comunicativa, de resolución de problemas e creatividade.
Supervised projects	Realizarase un traballo teórico - práctico. Consiste no deseño e posta en práctica dunha proposta para Educación Infantil baseada nunha metodoloxía lúdica e motriz cunha temática asignada pola docente para a suposta aplicación.
Short answer questions	Ao longo do curso iranse presentando aos alumnos diversas probas ou traballos breves para comprobar o seguimento dos contidos da materia, xa sexa na aula, a través de moodle ou doutras aplicacións online. Algunhas das probas realizaranse individualmente e outras en pequenos grupos.
Field trip	Actividades desenvolvidas en espazos distintos ao contorno académico universitario habitual relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de propostas didácticas, etc.
Oral presentation	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Physical exercise	A través desta metodoloxía realizaranse sesións de tipo práctico en diferentes espazos, a través dos contidos da materia e aplicados as diferentes idades da Educación Infantil.

Personalized attention	
Methodologies	Description



<p>Collaborative learning Supervised projects Short answer questions</p>	<p>Aprendizaxe colaborativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- realizaranse diversos traballos para desenvolver individualmente ou en grupos. Nalgúns casos será necesario que a profesora guíe este traballo para o seu axuste de cara á consecución dos obxectivos da materia.</li> </ul> <p>Traballos tutelados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- dedicarse un tempo para todo o grupo no que se explicará en que consiste o traballo;</li> <li>- cada grupo debe reunirse polo menos unha vez coa docente. Así se establecerá a validez do deseño e contidos de traballo para a súa posta en práctica, establecéndose as correccións oportunas para á súa exposición.</li> </ul> <p>Probas de resposta breve:</p> <p>Atenderáanse todas as dúbidas para aquelas probas individuais ou grupais que se fagan na materia.</p> <p>A atención personalizada realizarase a través das seguintes canles, tendo o alumno a posibilidade de seleccionar cales deles quere empregar, en función das súas necesidades e posibilidades de comunicación: titorías en directo a través da área de traballo ?Teams? da UDC, mediante videoconferencia, conexión de audio ou chat; a través do correo electrónico institucional; a través dos chats e foros dispoñibles en Moodle.</p> <p>Nesta materia non se admite dispensa académica de exención de asistencia salvo no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC" - Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017-. Para aquelas actividades que non poida realizar por non asistir a clase, deberá acudir ás revisións das mesmas co profesorado para poder desenvolverlas.</p>
--	--

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Collaborative learning	A1 A4 A5 A53 A54 A55 A56 A60 B1 B2 B3 B5 B6 B12 B15 B17 C1	O alumnado cada vez que se aplique esta metodoloxía grupal deberá entregar por escrito os traballos realizados polo grupo. Valorarase o seu adecuación aos obxectivos previstos para cada traballo en concreto.	40
Supervised projects	A1 A4 A5 A21 A23 A29 A33 A45 A53 A55 A56 A60 A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B11 B12 B15 B18 B23 B25 C1 C3 C6 C7 C8	Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos na clase. O traballo poderase realizar individualmente ou en grupo. A profesora especificará os requisitos formais de presentación dos traballos, tanto a súa parte escrita como a parte oral. O cumprimento de devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.	40
Short answer questions	A1 A5 A21 A23 A53 A55 A56 A62 B1 B4 C3 C7	Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo.	20

Assessment comments
---------------------



Primeira oportunidade: para acceder á avaliación descrita anteriormente, será obligatoria a participación nun 80% das sesións da materia. Non só bastará a asistencia senón que se computará tamén a participación activa do alumnado. É necesario superar unha puntuación mínima nos distintos apartados da avaliación para que fagan media entre eles. Segunda oportunidade: ao alumnado que asista a máis dun 80% das sesións na primeira oportunidade, conservaráselle as cualificacións que alcancen a puntuación mínima sinalada pola profesora. Terá que repetir as partes da avaliación que non alcancen ese mínimo. O alumnado que non participe no 80% das sesións da materia na primeira oportunidade, ten á súa disposición un modelo de avaliación alternativo, que será o mesmo para ambas oportunidades: farase unha proba (100%) na data marcada oficialmente pola Universidade da Coruña e na que se deberá demostrar o dominio dos contidos teórico-prácticos da materia.

NOTA: as metodoloxías de "Práctica de actividade física", "Saídas de campo" e "Simulación" están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Aínda no caso de non aplicarse o plan de continxencia, se non se dan as condicións de seguridade adecuadas, estas metodoloxías poderán substituírse por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporáranse ás metodoloxías "Aprendizaxe colaborativa", "Sesión maxistral", "Presentación Oral", "Traballos tutelados" e "Probas de resposta breve").

## Sources of information



## Basic

-A.E.M.E.I.(2001). Juegos para el desarrollo de las habilidades motrices en Educación Infantil. Málaga: Aljibe.-Abad, J. (2009). Iniciativas de educación artística a través del Arte Contemporáneo para la Escuela Infantil. [Tesis]-Abad, J; Arnáiz, V. y Ruíz de Velasco (2011). El juego simbólico. Graó: Barcelona.-Abad, J y Ruíz de Velasco, A. (2019). El lugar del símbolo. El imaginario infantil en las instalaciones de juego. Graó: Barcelona.-Abelleira, A. y Abelleira, I. (2017). Os fíos de infantil. Vigo: Galaxia.-Abelleira, A. y Abelleira, I. (2020). El latido de un aula de infantil. Elogio de la cotidianidad. Barcelona: Octaedro.-Ballesteros, M. (2009). Los juegos populares en infantil y primaria: análisis y aplicación práctica. Almería: Procompal.-Bantulá, J. (2001). Juegos motrices cooperativos. Paidotribo: Barcelona.-Bernal, J.A. y Brito, L.F., (2005). 1,2,3? por todos mis compañeros. Algunos juegos de ayer y hoy entre México y España. Wanceulen: Sevilla.-Bruchner, P (2017). Bosqueescuela. Guía para la educación infantil al aire libre. Valencia: Ediciones Rodeno.-Caillois, R. (1958). Teoría de los juegos. Seix Barral: Barcelona. -Carrasco Espinilla, I. y Criado Caro, D. (2001). 66 fichas de psicomotricidad. Sevilla: Wanceulen. -Carson, R. (2012). El sentido del asombro. Madrid: Encuentro.-Conde, J.L. (2001). Juegos para el desarrollo de las habilidades motrices en Educación Infantil. Aljibe: Málaga.-Conde, J. L. (1994). Los cuentos motores. Paidotribo: Barcelona.-Conde, J. L. y Viciana, V. (1997). Fundamentos para el desarrollo de la motricidad en edades tempranas. Aljibe: Málaga.-Conde, J. L., Martín, C. y Viciana, V. (1997). Las canciones motrices. Inde: Barcelona.-Cornell, J. (2018). Compartir la naturaleza. Juegos y actividades para reconectar con la naturaleza. Sevilla: Ediciones La Travesía.-Diez Navarro, M.C (1998). Projectando otra escuela. Madrid : Ediciones de la Torre.-Diez Navarro, M.C (1999). Un diario de clase no del todo pedagógico. Madrid : Asociación de Maestros Rosa Sensat.-Diez Navarro, M.C (2002). El piso de abajo de la escuela. Barcelona: Graó.-Diez Navarro, M.C. (2007). Mi escuela sabe a naranja.Barcelona: Graó.-Diez Navarro, M.C. (2010). La oreja verde de la escuela. Madrid: Ediciones de la Torre.-Diez Navarro, M.C. (2011). Los Pendientes de la maestra : o cómo piensa una maestra en los niños, las escuelas, las familias y la sociedad. Barcelona : Editorial Graó.-Diez Navarro, M.C. (2013). 10 ideas clave de la educación infantil. Barcelona: Graó.- Díez Navarro, M.C. (2016). Arte en la escuela infantil: apuntes sobre la creación y la libertad. Barcelona: Graó.-Diez Navarro, M.C. (2016). El oficio del arte. Soñar con el lápiz en la mano. Barcelona: Graó.-Eines, J y Mantovani, A. (1997). Didáctica de la dramatización. Gedisa: Barcelona.-Escriba, A. (1998). Los juegos sensoriales y psicomotores en Educación Física. Gymnos: Madrid.-Ferland, F.(2009). ¿Jugamos? El juego con niñas y niños de 0 a 6 años. Madrid: Narcea.-Fodor, E.,Morán, M. y Moleres, A. (2009). Todo un mundo de sorpresas. Educar jugando. El niño de 2 a 5 años. Madrid:Pirámide.-Fraguela,R., Palacios, J. y Varela, L. (1996). Xogos cooperativos e actividades infantís: educar na cooperación no ámbito escolar.Santiago: Lea.-Freire, H. (2011). Educar en verde: ideas para acercar a niños y niñas a la naturaleza. Barcelona: Graó.-Frías, C. (2005).Guía para estimular el desarrollo infantil complemento didáctico de estimulación. Sevilla: MAD.-Frías, C. (2005). Guía para estimular el desarrollo infantil de los 3 a los 6 años de edad. Sevilla: MAD.-Frías, C. (2005). Guía para estimular el desarrollo infantil de los 45 días al primer año. Sevilla: MAD.-Frías, C. (2005). Guía para estimular el desarrollo infantil del primero a los tres años de edad. Sevilla: MAD.-Fusté, S. y Bonastre, M. (2007). Psicomotricidad y vida cotidiana (0-3 años). Barcelona: Graó. -Garaigordobil,M. (2011). Juegos cooperativos y creativos para grupos de niños de 4 a 6 años. Madrid: Pirámide.-García Fernández, P. (2005). Fundamentos teóricos del juego. Wanceulen: Sevilla.-García Montes, M. E. y Ruiz Juan, F. (2001). Educación motriz a través del juego Infantil: materiales no convencionales. Gymnos: Madrid.-Gil Madrona, P. (2004). Evaluación de la Educación Física en Educación Infantil. Sevilla: Wanceulen.-Gil Madrona, P. (2005a). Unidades didácticas de educación física para educación infantil 0-3 años: propuestas y concreciones prácticas en realidades de aprendizaje y espacios de acción.Sevilla: Wanceulen.-Gil Madrona, P. (2005b). Unidades didácticas de educación física para Educación Infantil, 3-6 años. Sevilla: Wanceulen.-Gil Madrona, P., y Navarro Adelantado, V. (2005). El juego motor en Educación Infantil. Sevilla: Wanceulen.-Godschmied,E., y Jackson, S. (2007). La educación infantil de 0 a 3 años. Madrid: Morata.-Gray, P. (2016). Aprender en libertad. Santa Cruz de Tenerife: Esto no es una escuela.-Hueso, K (2019). Jugar al aire libre. Barcelona: Plataforma Editorial.-Huizinga, J. (1972). Homo ludens. Madrid:Alianza editorial.-Laguía, M.J. y Vidal, C. (2011). Rincones de actividad en la escuela infantil (0 a 6 años). Barcelona: Graó. -Lleixa, T.(1995). Juegos sensoriales y de conocimiento corporal. Barcelona: Paidotribo. -López, S. (2018). Esencia. Diseño de espacios educativos. Aprendizaje y creatividad. Zaragoza: Khaf.-Martínez, G. (1998). El juego y el desarrollo infantil. Octaedro: Barcelona.-Méndez, A. (2003). Nuevas propuestas lúdicas para el desarrollo curricular en Educación Física. Paidotribo: Barcelona.-Mesías, J.Mª (2019). Educación artística sensible: cartografía contemporánea para arteducadores. Graó: Barcelona.-Navarro, V. (2002). El afán de jugar. Inde:





Barcelona.-Omeñaca, R. y Ruíz, J. (1999). Juegos cooperativos y E.F. Paidotribo: Barcelona.-Omeñaca, R., Puyuelo, E. y Ruíz, J. (2001). Explorar, jugar y cooperar. Paidotribo: Barcelona. -Orlick, J. (1990). Libres para cooperar, libres para crear. Paidotribo: Barcelona.-Palacios, J. (1998). Jugar es un derecho. Xaniño: A Coruña.-Palacios, J; Fraguera, R y Varela, L. (1996). Xogos competitivos. Educar na competición no ámbito da educación física. Lea: Santiago.-Palacios, J; Fraguera, R y Varela, L (1996). Xogos cooperativos e actividades infantís. Educar na cooperación no ámbito escolar. Lea: Santiago.-Paredes, J. (2003). Juego, luego soy. Sevilla: Wanceulen.-Pickler, E (2000). Moverse en libertad. El desarrollo de la motricidad global. Madrid: Narcea.-Ramírez, I. (2009a). 99 juegos de expresión corporal y musical (3 años). Sevilla: Wanceulen.-Ramírez, I. (2009b). 99 juegos de expresión corporal y musical (5 años). Sevilla: Wanceulen.-Ramírez, I. (2009c). 99 juegos de expresión corporal y musical para niños de 4 años. Sevilla: Wanceulen.-Ruiz, LM; Gutiérrez, M; Graupera, J.L.; Linaza, J.L. y Navarro, F. (2001). Desarrollo, comportamiento motor y aprendizaje. Síntesis: Madrid.-Ruiz de Velasco, A., y Abad, J. (2011). El juego simbólico. Barcelona: Graó.-Ruiz Juan,F., García López, A., Gómez López, M. y Casado Rodríguez, C. (2002). Motricidad y recreación en Educación Infantil. Almería: Universidad de Almería.-Ruiz Juan,F., García López, A., Gutiérrez Hidalgo, F., Marqués Escámez, J. L., RománGarcía, R. y Samper Márquez, M. (2008). Los juegos en la motricidad infantil de los 3 a los 6 años. Barcelona: Inde.-Sher, B. (1996). Juegos estupendos con juguetes improvisados. Martínez Roca: Barcelona. -Sheridan, M. D. (2011). Play in early childhood. From birth to six years. New York:Routledge. -Snel, E. (2015). Tranquilos y atentos como una rana. Tu guía práctica de la serenidad. Barcelona: Kairós.-Stern, A. (2013). Yo nunca fui a la escuela. Llitera: Albuixech.-Stern, A. (2017). Jugar. Llitera:Albuixech.-Suari, C. (2005). Juegos tradicionales: del currículum a la clase. Wanceulen: Sevilla. -Silberg, J.(1999). Juegos para hacer pensar a los bebés. Barcelona: Oniro. -Silberg, J.(2006). Juegos para aprender y estimularlos sentidos. Barcelona: Oniro. -Silberg, J.(2010). Juegos para desarrollar la inteligencia del bebé. Barcelona: Oniro. -Silberg, J.(2011). Juegos para hacer pensar a los niños de 1 a 3 años. Barcelona: Oniro. -Stern, A. (2013). Yo nunca fui a la escuela. Llitera: Albuixech.-Stern, A. (2017). Jugar. Llitera: Albuixech. -Sugrañes,E., y Ángel, M. A. (2007). La educación psicomotriz (3-8 años). Barcelona: Graó. -Trigo, E. (1989). Juegos motores y creatividad. Paidotribo: Barcelona.-Vaca, M y Varela, Mª.S. (2008). Motricidad y aprendizaje. El tratamiento pedagógico del ámbito corporal (3-6). Barcelona: Graó.-Vela, P. y Herrán, M. (2019). Piezas Sueltas. Llitera: Albuixech. -V.V.A.A.(2001). 3ª Jornadas. Desafíos del juguete en el Siglo XXI. Valencia: Fundación crecer jugando. -V.V.A.A.(2008). El juego como estrategia didáctica. Barcelona: Graó. -V.V.A.A.(2010). 101 juegos de imagen y percepción corporal (3-6 años). Sevilla: Wanceulen. -Vila, B.y Cardo, C. (2005). Material sensorial (0-3 años). Barcelona: Graó. -Zukunft-Huber,B. (2001). Gimnasia para bebés. Barcelona: Paidotribo. REVISTAS DE INTERÉS:REVISTA AULA DE INFANTIL (<https://www.grao.com/es/aula-infantil>)REVISTA IN-FAN-CIA ([http://kmelot.biblioteca.udc.es/search\\*spi/i=1130-6084](http://kmelot.biblioteca.udc.es/search*spi/i=1130-6084))NOTA: Esta bibliografía pódese ampliar durante a materia e complementarse coa bibliografía da guía docente para a materia do 2º curso do Grao en Educación Infantil "Didáctica da Expresión Corporal"



Complementary

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

Developmental Psychology (0 to 6 years olds)/652G01004

Teaching Physical Expression/652G01020

Curriculum Design in Education Projects (0 to 3 years)/652G01021

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Teaching Plastic Arts/652G01027

### Subjects that continue the syllabus

Psychomotor Education and Motor Skills/652G01039

### Other comments

NOTA: as metodoloxías de "Práctica de actividade física", "Saídas de campo" e "Simulación" están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Aínda no caso de non aplicarse o plan de continxencia, se non se dan as condicións de seguridade adecuadas, estas metodoloxías poderán substituírse por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporaránse ás metodoloxías "Aprendizaxe colaborativa", "Sesión maxistral", "Presentación Oral", "Traballos tutelados" e "Probas de resposta breve").

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.